Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
28.12.2021

LUGAR: Sala I do edificio Miralles – Campus de Vigo
DATA: 28.12.2021
HORA DE COMEZO: 11:40
HORA DE REMATE: 13:50

LISTA DE PARTICIPANTES
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Souto García, Raquel María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSAN PARTICIPACIÓN
Añel Cabanelas, María Elena
Blanco Rial, María Gloria
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Santamaría Conde, Juan José

NON PARTICIPARON
Couto Cancela, Daniel
García Míguez, María de los Ángeles

SECRETARIO
Rodríguez Iglesias, Ignacio

O martes, 28 de decembro de 2021, ás 11:40 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (23.09.2021 e 03.11.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe que proceda sobre a modificación dos títulos de Máster universitario en Biotecnoloxía avanzada e Máster universitario en Tradución para a comunicación internacional, para o curso 2022/2023. (Consello de Goberno do 30 de novembro de 2021).
5. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2023/2024. (Consello de Goberno do 21.12.2021).
6. Informe que proceda sobre a denuncia do convenio de adscrición do IESIDE (Instituto Superior Intercontinental) á Universidade de Vigo. (Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2019).
7. Proposta de prezos reducidos para o Curso de especialista en Ciberseguridade industrial.
8. Supervisión e informe dos prezos de cursos de títulos propios, consonte petición da directora da Escola Aberta de Formación Permanente.
9. Supervisión e informe dos prezos e das memorias finais de cursos de títulos propios, iniciados antes da aprobación do novo regulamento de programas de formación e da posta en marcha da Escola Aberta de Formación Permanente.

Acordos, propostas e informes da Comisión Económica (20 de decembro de 2021)

10. Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2022, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
11. Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2022.
12. Informe sobre a Oferta de emprego público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021. (Consello de goberno de 30 de novembro de 2021).
13. Proposta de aprobación da cesión temporal de equipos para investigación ao Grupo COM da Universidade de Vigo.
14. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro de 2021.
15. Aprobación, se procede, do orzamento do Consello Social para 2022.
16. Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.
17. Rogos e preguntas.

Agradece Ernesto Pedrosa a asistencia ao pleno 121 da historia do Consello Social e que fai o número 60 baixo a súa presidencia, e expón o desexo de volver a celebrar, tan pronto sexa posible, reunións itinerantes nos tres Campus. Os asistentes reciben exemplares da memoria 2020 do Consello Social, ademais dunha Axenda para 2022, así como un facsímile co último traballo estatístico do Observatorio de persoas tituladas sobre o impacto da pandemia entre os egresados da UVigo no mundo. Tamén en soporte dixital achegáronse as conclusións do Barómetro da empregabilidade da UVigo, dende a perspectiva dos empregadores; e o Informe sobre as prácticas académicas externas dos estudantes, por sectores empresariais e titulacións, ámbolos dous patrocinados polo Consello Social.

Asisten como invitados o vicerreitor de Organización Académica, Manuel Ramos, e o director de Administración, Rodrigo Cerviño, para informar sobre asuntos das súas competencias.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (23.09.2021 e 03.11.2021).

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia Ernesto Pedrosa destacando a potente capacidade de reacción das universidades -e sinala á UVigo "como un bo exemplo"- para facer fronte á crise da pandemia, polo que ve chegado o momento de mirar cara as inversión públicas en educación, o talento, a investigación e o mecenado, "porque a recuperación económica poscovid "precisa profesionais ben formados". Subliña que é un momento "extraordinariamente especial para o futuro da universidade pública" e para que se coloque en primeira liña para atender as urxencias e as necesidades sociais.

Da orde do día destaca a presentación dun orzamento récord na historia da UVigo e o feito de que a aportación da Xunta pase de representar o 63,1% en 2020 ao 61,3% para 2022, o que evidencia a capacidade para captar recursos externos. Ao igual que fixo a Comisión Económica presidida por Juan M. Vieites, felicita ao equipo reitor pola xestión económica e de persoal que está a desenvolver.

Cita a continuación a proposta de desadscrición do IESIDE para impartir titulacións oficiais dentro da UVigo, asunto que -despois de ser aprobado en Consello de Goberno, en maio de 2019- quedou aprazado polo Pleno do Consello Social en xullo de 2019, á espera dun acordo consensuado con ABANCA e que dera máxima protección aos actuais alumnos. Entende Pedrosa Silva que dous anos e medio despois si se dan esas circunstancias.

O novo Plan de financiamento 2022-2026 asinado pola Xunta e os reitores é valorado polo presidente moi positivamente, porque incrementa a financiación nun 20%, e sobre todo "porque supón un apoio decidido á ciencia e á investigación; e porque comporta unha completa obriga de render contas á sociedade". Tamén considera beneficioso que os fondos teñan en conta o éxito do estudantado ou que a taxa de abandono ou cambio de carreira sexa Baixa, "un asunto que nos preocupa e sobre o que pediremos datos e medidas de choque previstas ao equipo de goberno".

Ernesto Pedrosa expresa a súa satisfacción polo xiro dado á tramitación do Máster de Aeronáutica e a que sexa exclusivo no Campus de Ourense, despois das erradas e longas negociacións coa Universidade da Coruña para facelo compartido. "Espero que no primeiro pleno de 2022 podamos informar a Memoria do título, e que a Xunta acepte que poida ser ofertado, nestas condicións de exclusividade, no próximo curso".

No campo da sensibilidade e a responsabilidade social, o presidente destaca a entrega dos Premios Consello Social_UVigoHumana, que nesta edición recoñeceron o traballo da Coordinadora galega de ONGD para o Desenvolvemento e da ONG AIRE (Asociación integral de rescate de emerxencias). Reflexiona sobre a valiosa capacidade que amosa a UVigo para promover a solidariedade, a cooperación e os valores, e a súa vocación para tecer "unha sólida rede de sensibilidade e afecto co entorno". Nese mesmo senso aledase da Declaración institucional feita no último Consello de Goberno a prol de combater o fraude, a corrupción e os conflitos de interese na xestión de fondos públicos: "é altamente saudable esta declaración, que subscribimos e que converte á UVigo en marcha de confianza e bos propósitos".

Sobre o debate aberto ao redor da redacción da nova LOSU, refire a fraxilidade do texto do anteproxecto redactado nun principio, con unha forte contestación que acabou por forzar a dimisión do ministro Castells. Avoga por agardar a coñecer as intención do novo titular do Ministerio e a que se presente un texto máis avanzado, se ben anticipa que "será difícil introducir cambios substanciais" no que incumbe aos Consellos Sociais.

Remata agradecendo o traballo feito polo estudante Daniel Couto durante a súa estadía como representante dos alumnos no Consello Social, e recomendando a lectura dos traballos que se entregan "porque permiten ter unha valiosa radiografía de como se percibe e se aproveita o coñecemento xerado na UVigo, e coñecer unha universidade que garda moitas sorpresas por descubrir".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Agradece Manuel Reigosa as verbas eloxiosas do presidente para a institución e principia cunha breve alusión ao rexeitamento case unánime do anteproxecto da LOSU, ao que lle augura unha tramitación difícil e espera que o novo texto que se presente sexa máis positivo.

Sobre dúas cuestións expostas por Juan José Santamaría na anterior sesión, unha referida á denominación de Mestrados que podían dar lugar a equívocos (pondo como exemplo o Curso de Auditoría e Contabilidade que aparece anunciado como Máster e non é tal), e outra para que se tramite perante a Axencia Tributaria estatal o recoñecemento do Máster de Comercio Internacional da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da UVigo, para os egresados que desexen opositar a representante aduaneiro e como Operador económico autorizado internacional, admite o Reitor que había Mestrados que podían chamar a engano, pero que xa están corrixidos na web e categorizados de xeito correcto, entre eles o específico polo que preguntou o conselleiro. Sobre o segundo tema informa que xa están feitos os trámites e estase á espera de resposta, da que se dará conta no seu momento.

Anuncia que o debate sobre o Mapa de titulacións está aprazado ante os próximos procesos electorais anunciados na UVigo e na USC, a fin de non comprometer aos futuros equipos reitorais, se ben notifica os acordos xa acadados: un marco de desenvolvemento do mapa; un Grao e un Mestrado en Intelixencia Artificial compartido en Ourense, Coruña e Santiago; e os Mestrados correspondentes aos 30 perfís profesionais identificados no estudo G2030. Lembra os traballos en marcha, as novas titulacións previstas para o curso 2022-2023 e outros asuntos referidos a titulacións.

De seguido dá conta do novo plan de financiamento universitario 2022-2026, da estrutura, dos eixos básicos e dos principios, destacando que é consensuado, recolle medidas de mellora integral do sistema, consolida a estabilidade do SUG e serve como modelo de rendición de contas á sociedade. A título informativo engade que "é unha forte aposta pola educación superior", con moitos indicadores que axudarán a ser mellores e a que as universidades busquen novas fontes de financiamento, se internacionalicen e progresen na relación coas empresas e no compromiso coa sustentabilidade. Presenta de seguido as táboas cos créditos previstos nos orzamentos da Xunta en cada anualidade, por un importe total de 2.456,4 millóns de euros, e os ingresos ao marxe do Plan para os cinco anos, por importe de 720 millóns máis. E desagrega o cálculo ponderado por indicadores e contías.

Refire Reigosa a situación dos informes das memorias de titulacións pendentes (co pronunciamento favorable no caso do Grao en Intelixencia Artificial e do Grao en Enxeñaría da Automoción- mención dual), e entra a expoñer unha longa relación de asuntos diversos, entre eles a posibilidade de instalar a facultade de Ciencias do Mar na ETEA, a posible avaliación en 2022 da proposta do campus de especialización de Ourense, toma de posesión dos novos profesores titulares e catedráticos, recoñecemento aos mellores expedientes, e outras citas vencelladas á comunidade universitaria: investigacións, estudos sobre o cambio climático na costa galega, proxectos de dixitalización colaborativos, acordos, exposicións, convenios, homenaxes, graduacións, premios, reunións e xornadas. De xeito sucinto informa tamén do ingreso do ex-reitor Alberto Gago como membro da Real Academia Galega de Ciencias, dos acordos na mesa de negociación do PDI, das principais actuacións relacionadas co PAS, dos resultados das enquisas de avaliación docente, da incidencia da Covid-19, do fortalecemento de centros e creación de estruturas de investigación, de transferencia e de captación de fondos I+D+i en 2021 e a súa evolución e número e en dotacións económicas, axudas para equipamentos científicos, prazas de retención de talento investigador, máximo histórico en publicación ao máis alto nivel….e remata cunha comparativa dos asuntos xudiciais entre 2010 e 2021, cun balance notablemente favorable tanto polo descenso de asuntos como polas sentencias favorables á UVigo.

No caso do Máster de Enxeñaría Aeronáutica o reitor repasa os antecedentes que levan a propoñelo en exclusiva no Campus de Ourense vista a imposibilidade de negocialo coa UDC, tal e como pediu a Consellería no seu momento e con fundamento. Cualifica este paso como "unha obriga" dada a situación, aínda que "seguirán abertas as portas a UDC, por talante conciliador". Remata a intervención subliñando a proposta de desadscrición do IESIDE, pendente do informe favorable do Consello Social dende xuño de 2019, manifestando que hai xa un convenio entre a UVigo e ABANCA asinado por unanimidade e que garante os dereitos do estudantado que entrou no IESIDE como Escola adscrita á UVigo.

PUNTO 4

Informe que proceda sobre a modificación dos títulos de Máster universitario en Biotecnoloxía avanzada e Máster universitario en Tradución para a comunicación internacional, para o curso 2022/2023. (Consello de Goberno do 30 de novembro de 2021).

Intervén Manuel Ramos, para agradecer a invitación a asistir, e para aclarar a excepcionalidade da data retardada na que se presentan estas modificacións que cualifica de "especiais" porque se fan para ter o selo de Excelencia consonte a convocatoria feita pola Xunta de Galicia. Basicamente deben ofertar algún módulo de emprendemento e empregabilidade, que son os cambios que se introducen.

- *O Pleno emite informe favorablemente.*

PUNTO 5

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2023/2024. (Consello de Goberno do 21.12.2021).

Informa de novo o vicerreitor de Organización académica sobre o calendario coas datas que marcan o procedemento para a elaboración e presentación das memorias dos títulos, subliñando que por primeira vez as tres universidades galegas pactaron facer a tramitación nas mesmas datas.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 6

Informe que proceda sobre a denuncia do convenio de adscrición do IESIDE (Instituto Superior Intercontinental) á Universidade de Vigo. (Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2019).

Expón o presidente que á vista do convenio firmado pola UVigo e o responsable do IESIDE, que se xunta, é o momento de resolver este asunto, aprobado en Consello de Goberno de xuño de 2019 e adiado dende xullo do mesmo ano polo Pleno do Consello Social, á espera dunha desadscrición amigable e consensuada entre as partes, e a que se tivesen en conta os dereitos do alumnado matriculado e se lles desen garantías para rematar os estudos. Intervén o Reitor para aclarar dúbidas expostas por Xosé Manuel Atanes respecto da matrícula no curso 2022/2023 e concluír que "mereceu a pena a espera, porque o acordo é total e os dereitos do alumnado están garantidos". Manuel Ramos engade que o convenio define e clarifica perfectamente o procedemento.

- *O Pleno emite informe favorable.*

PUNTO 7

Proposta de prezos reducidos para o Curso de especialista en Ciberseguridade industrial.

Argumenta o vicerreitor Manuel Ramos os motivos da proposta e subliña que se trata dunha solicitude puntual para que dúas prazas dun curso que "vai ben de matrícula" sexan para alumnos bolseiros da FEUGA, e que se proveñen da USC ou da UDC teñan o mesmo prezo do alumnado da UVigo.

- *Apróbase a proposta.*

PUNTOS 8 e 9

Supervisión e informe dos prezos de cursos de títulos propios, consonte petición da directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Supervisión e informe dos prezos e das memorias finais de cursos de títulos propios, iniciados antes da aprobación do novo regulamento de programas de formación e da posta en marcha da Escola Aberta de Formación Permanente.

Vistas as consideracións e xustificacións recollidas na carta que remite a directora da Escola, e tendo en conta que os cursos son anteriores á entrada en vigor do novo Regulamento de programas de formación permanente e que cumpren coa normativa e as recomendacións do Consello Social entón vixentes, o presidente propón que sexan autorizados.

- *O Pleno dá a súa aprobación a ambos puntos.*

PUNTO 10

Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2022, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.

Na súa primeira intervención como presidente da Comisión Económica do Consello Social, Juan Manuel Vieites avanza os acordos que chegan a pleno co informe favorable da Comisión. Resume que a UVigo ten unha boa tesourería, "e con estes orzamentos históricos augurase un bo camiño" porque apostan por avances claros. Destaca as contas saneadas e a "xestión eficiente" que está a facer o equipo de goberno, ao que lle transmite os parabéns.

O vicerreitor de Economía, José Mª Martín Moreno, dá conta do procedemento seguido para determinar o teito de gasto para 2022, para o que se ten en conta como método de cálculo, dunha banda, o límite porcentual aprobado pola Xunta de Galicia, que establece un crecemento do teito de gasto nun 6% do PIB; e doutra, o novo Plan de financiamento2022-2026 e os fondos finalistas acadados pola Uvigo. Como resultado pídese a aprobación dun teito de gasto non financeiro por importe de 164,4 millóns de euros.

- *O Pleno informa favorablemente.*

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2022.

Martín Moreno presenta as liñas xerais orzamentarias para 2022 e o escenario de contexto no que se desenvolven, sinalando que as aportacións da Xunta medrarán un 4,6% co novo Plan de financiamento incluída a suba salarial do 2%.

Manifesta que a UVigo terá en 2022 o orzamento estrutural máis alto da súa historia, e que o global das contas, ao sumarlle a financiación afectada (asignada especificamente a proxectos e inversión dependentes de convocatorias de terceiros) ascende a 198,6 millóns de euros (+7,6% respecto a 2021). A esta cantidade habería que engadirlle outras cantidades pendentes de confirmar pola UE (en torno aos 7 millóns de euros) polo que o montante total de ingresos podería superar os 200 millóns de euros, o orzamento máis alto da UVigo.

Martín Moreno advirte que se trata do último orzamento do mandato e desagrega as principais variacións de ingresos e gastos por capítulos. Conclúe que o orzamento que se presenta segue apostando e priorizando o gasto en persoal "tal e como se propuña no programa co que nos presentamos ás eleccións". Destaca finalmente que a universidade encara 2022 con contas saneadas, cumprindo todos os criterios de estabilidade orzamentaria e presentando un superávit estrutural en todas a súas liquidacións dende 2014.

- *O Pleno aproba o orzamento.*

PUNTO 12

Informe sobre a Oferta de emprego público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021. (Consello de goberno de 30 de novembro de 2021).

Comunica a xerente, Raquel Souto, que é a máis numerosa do mandato e que rebaixará notablemente a temporalidade, explica a normativa legal na que se ampara e dá conta das negociacións cos órganos de representación do PAS para propoñer a oferta consistente nun total de 82 prazas (12 prazas para reposición de efectivos, 11 prazas por promoción interna, 1 praza para persoal declarado indefinido non fixo e 58 prazas para estabilización de emprego). Na documentación que se achega consta a autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública para ofertar as prazas, na que se indica que non implica incremento de custo, porque serán destinadas á cobertura definitiva de vacantes ocupadas, e que non supera o límite de masa salarial establecido.

- *O Pleno informa favorablemente.*

PUNTO 13

Proposta de aprobación da cesión temporal de equipos para investigación ao Grupo COM da Universidade de Vigo.

Explica a xerente os aspectos principais recollidos no contrato de cesión, especificando que non comporta custe para a institución.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 14

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro de 2021.

Apunta o presidente que na Secretaría pódese consultar ou solicitar mais información se fose de interese algún convenio concreto.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 15

Aprobación, se procede, do orzamento do Consello Social para 2022.

Na documentación explicativa que se aporta, elaborada pola Secretaría, recóllense os puntos de vista, criterios, obxectivos e variacións principais do orzamento, así como comparativas con outros Consellos e unha estimación de execución, pendente do peche orzamentario.

- *O Pleno dá a súa conformidade.*

PUNTO 16

Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.

Dispoñen os membros dun documento no que se plasman o contexto, liñas básicas, formulación práctica, posibles campos de actuación e índice de accións destacadas a desenvolver, na medida en que as circunstancias sanitarias o permitan. O presidente engade que se trata dun plan aberto a suxestións, aportacións ou propostas que se estimen oportunas.

- *O Pleno aproba a proposta.*

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Juan M. Vieites felicita ao Reitor e ao equipo de goberno pola "potente" capacidade de reacción amosada pola UVigo na situación de incerteza causada pola pandemia, e reitera os parabéns pola liña económica que está a seguir.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas do 28 de decembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

Ernesto Pedrosa Silva

O secretario,

Ignacio Rodríguez Iglesias